



## MIRADES. L'EDUCACIÓ COM A FUTUR

Edició a cura de: **Ignasi Roviró i Alemany, Carme Codina i Contijoch**  
Traducció de la introducció a cura de: **Joe Crozier**

Maquetació i impressió: jaumira★vilaró

Impressió: MATER Impressors

Copyright dels textos els respectius autors

Febrer 2023

ISBN: 978-84-09-48024-1

Dipòsit legal: B-3343-2323

Publicacions del Col·legi Sant Miquel dels Sants  
Carrer Jaume I el Conqueridor, 11. 08500 Vic. 93 886 12 44  
Ronda Camprodon, 2. 08500 Vic. 93 886 05 95

[stm@santmiqueldelssants.cat](mailto:stm@santmiqueldelssants.cat)

[www.santmiqueldelssants.cat](http://www.santmiqueldelssants.cat)



## MIRADES. L'EDUCACIÓ COM A FUTUR

Retrospectives, sinceres, optimistes, honestes, compromeses, apassionades, humanes, prudents, creatives, crítiques, ingènues, experimentals, properes, complexes, atrevides, reflexives i vitals. Mirades és un compendi de diverses maneres de veure l'educació des de diferents punts de vista i indrets del món. Mirades que parteixen de la individualitat, però que adquireixen un sentit global quan les posem en comú i les fem dialogar.

En ocasió del 160è aniversari de la seva fundació, el Col·legi Sant Miquel dels Sants recull en aquest llibre un conjunt de mirades sobre educació. Mirades institucionals, mirades de la comunitat i mirades de persones especialitzades en educació que reflexionen sobre el seu futur, cadascú en la seva llengua. És per això que l'hem titulat Mirades, amb l'enriquiment del plural, perquè estem segurs que el futur encara serà més divers. I hi hem afegit en el títol "L'educació com a futur" perquè estem convençuts que l'educació millora el món.

Centrades en l'educació i amb el món com a marc, les mirades d'aquest llibre combinen la perspectiva local amb la internacional. D'aquí que en aquesta publicació hi han col·laborat especialistes d'Universitats i Centres d'Investigació de Catalunya, Galícia, Espanya, Itàlia, Argentina, Dinamarca, Finlàndia, Estats Units i Turquia. A tots ells, i a les seves institucions, els agraïm la seva amable col·laboració, així com ens complau poder-hi reproduir també l'opinió d'alumnat, de famílies, de docents i de persones de la nostra escola sobre el que esperen de l'educació.

Tenim l'esperança i el compromís de fer un món millor. Sabem que l'esperança arrela en la voluntat de cadascun de nosaltres, en la confiança en els altres i en el treball de tots plegats.

## MIRADES (LOOKS) – EDUCATION AS THE FUTURE

Retrospective, sincere, optimistic, honest, committed, passionate, human, cautious, creative, critical, ingenuous, experimental, close, complex, daring, reflexive and vital. Mirades or Looks is a collection of ways of seeing education from different perspectives and places in the world. These are looks or opinions that originate from the individual but which acquire a global sense when we put them all together and they interact.

To celebrate the 160th anniversary of its foundation, Col·legi Sant Miquel dels Sants has put together in this book a collection of opinions on education. These are institutional opinions, opinions from the community and opinions from people who are specialised in education, that reflect on its future, each one in their own language. That's the reason we have called it Mirades, with the richness of the plural, because we are sure that the future will be even more diverse. 'Education as the future' has been added to the title because we are convinced that education makes the world a better place.

Centred on education and the world as a whole, the opinions in this book combine local and international perspectives. Specialists in education from universities and centres of investigation in Catalonia, Galicia, Spain, Italy, Argentina, Denmark, Finland, the United States and Turkey have all collaborated in the creation of this book. To all of them and their respective institutions, we are extremely grateful for their kind-hearted involvement, and are honoured that we can also convey the opinions of students, families, teachers and others connected to the school on what they expect from education.

All this being said, we have hope and the commitment to create a better world. We know this hope is based on the willingness of every one of us, in the confidence we have in others and in hard collective work.

## ÍNDEX

<b>MIRADES INSTITUCIONALS</b> .....	9
AJUNTAMENT DE VIC	
Anna Erra .....	11
ELS REPTES DE L'EDUCACIÓ DEL SEGLE XXI	
Meritxell Ruiz .....	13
ELS REPTES FUTURS DE LA DOCÈNCIA UNIVERSITÀRIA	
Josep Eladi Baños i Díez .....	19
<b>MIRADES. L'EDUCACIÓ COM A FUTUR</b> .....	25
EDUCAR EN TEMPS D'INCERTESA	
Lluís Font i Espinós .....	27
EDUCAZIONE AL FUTURO: IL CONTRIBUTO DEL L'INTERNAZIONA-LIZZAZIONE DELLA SCUOLA	
Mattia Baiutti .....	37
L'ESDEVENIR DE L'EDUCACIÓ: GÈNESI I PROSPECTIVA D'UN FUTUR QUE JA ÉS AQUÍ	
Enric Prats Gil / Conrad Vilanou Torrano .....	47
THE MANY FUTURES OF EDUCATION – IMPROVING EQUITY THROUGH INNOVATIONS	
Crystal Green / Lasse Leponiemi / Clara García-Millán .....	59
A PROFESIÓN DOCENTE E A FORMACIÓN EN TEMPOS DE MALOS AGOÍROS	
Antón Costa Rico .....	65
EL FUTURO DE LA EDUCACIÓN	
Alfredo Vota .....	71
L'EDUCACIÓ ÉS EL FUTUR	
Ignasi Roviró Alemany .....	81
UNA MIRADA INTERNACIONAL CAP AL FUTUR DE L'EDUCACIÓ	
Raquel Fernández Jiménez .....	91

AS THE WORLD IS CHANGING, WHO HOLDS THE ANSWERS TO THE FUTURE OF EDUCATION? Lene Jensby Lange .....	99
DIEZ MICROENSAYOS SOBRE LA EDUCACIÓN DESEADA PARA NUESTRO TIEMPO José María Hernández Díaz .....	109
EDUCACIÓN PARA SER “LIBRES Y RESPONSABLES” Federico Mayor Zaragoza .....	121
A PARADIGM CHANGE IN TEACHER EDUCATION Olgun Sadik .....	127
THE FUTURE OF EDUCATION Adam V. Maltese .....	137

*Recibo con agrado a invitación realizada desde o Collegi Sant Miquel de Vic, no seu próximo 160 aniversario de vida, e a min comunicada polo douto colega profesor Conrad Vilanou, para trasladarlles, desde Galicia e por medio da lingua galega, unha breve reflexión sobre as tarefas da formación no tempo presente, co gallo de contribuír a unha acrecida reflexión arredor do camiño que andamos e cara onde nos diriximos. Coa suxestión de non perder de vista as reflexións da UNESCO.*

## A PROFESIÓN DOCENTE E A FORMACIÓN EN TEMPOS DE MALOS AGOIROS

**Antón Costa Rico**

Catedrático, xubilado de Historia da Educación da Universidade de Santiago de Compostela

### **Un horizonte cheo de interrogantes**

Todos os «presentes», situados no pasado, sentiron os interrogantes e as incertezas do futuro. Todos. E no presente volve ser certo o que Antonio Machado expresou: «Caminante no hay camino/se hace camino al andar/ Caminante, son tus huellas el camino». Creo que hai aquí unha preciosa indicación de cómo proceder.

É certo que «todos os presentes», xa historia, sentiron/percibiron interrogantes de futuro. As persoas individualmente, os gobernantes que querían extender o influxo do seu poder e decisións...ou as nais e os pais con respecto ao futuro dos seus fillos. Tamén é certo que a colectivización de interrogantes realizada e conseguida a través de programas de goberno político operativizados durante a segunda metade do século XX a escala nacional/estatal, parecía conceder nas nosas contornas algunhas certezas á actuación individual e por parte dos meso-grupos: podíamos percibir procesualmente os horizontes de mellora social, dando confianza (entre a inxenuidade e a esperanza) para a actuación das persoas e a súa particular 'composición de lugar' e para a intelixencia e comprensión das contornas sociais nas que habitamos. Producírase, entre a realidade das cousas e a contida esperanza, un certo clima de «seguridade» nunha parte significativa e non menor das sociedades a escala planetaria.

Quines són les tres coses que espero de l'educació?

**Ensenyar el  
pensament crític  
per afrontar els  
reptes que tindran  
en el futur.**

Joan. pare



Mais isto, escachou. As «certezas» alimentadas veñen esfarelándose con marcas a cada pouco máis rugosas e tal como as podemos apreciar. Sen ánimo de citar todos os elementos preocupantes debemos referir, cando menos, tres:

- a) a emerxencia climática e as súas graves consecuencias en particular en relación coa saúde, alimentación e dignidade humana, que provoca unha intensa e crecente mobilidade de poboacións con problemáticas de desarraigo e de identidade socio-cultural, entre outras;
- b) os avances tecnolóxicos e, en particular, os dixitais, que tanto inciden no que se considera coñecemento, memoria, patrimonio, transmisión, aprendizaxe...como cuestións que tocan centralmente os modos de operar os sistemas educativos formais e de natureza política;
- c) o complexo fenómeno complementario da globalización, que desde a economía transcende a outras variábeis e incide na diversidade de cosmovisións que poderían levar ao relativismo ético ou ao dogmatismo e o cerre.

Os gran escenario onde proxectar a construción do futuro con bimbios de certeza prospectiva escachou, e se a educación é unha mensaxe con carga de futuro, un potencial que contribúe ao desenvolvemento futuro, tanto das persoas, individualmente consideradas, como dos grupos e sociedades que elas poden conformar, entenderemos que lle falta clareza e certeza ao horizonte da educación. Cando menos a clareza e certeza que os Gobernos, as Axencias Internacionais, os administradores e os sectores técnicos crían posuír 'dentro dunha orde'.

### **Educar en tempos incertos: memoria e patrimonio que nos auxilian**

«Caminante, son tus huellas el camino», dicía Machado; e dito de outro modo: «o futuro construímolos hoxe». É dicir, as sociedades actuais e as persoas, actualmente, somos conscientes da nosa debilidade prospectiva, pero tamén sabemos que a nosa forma de andar hoxe é o que mellor nos pode axudar a fundar o futuro máis desexábel.

Quines són les tres coses que m'il·lusionen del meu futur?

**Escapar d'allò que és ordinari:  
descobrir nous horitzons  
i endinsar-me en noves  
cultures.**

Júlia. estudiant

A memoria e a consciencia dos logros —en todo caso insuficientes— e das conquistas sociais —históricas e presentes— logradas a través da educación xeral como ben común, en relación coa extensión e promoción dos dereitos humanos e co desenvolvemento social, debe servir de panca, isto é, de estímulo ante as incertezas, reforzado isto co patrimonio (saberes, instrumentos, mediacións e coñecementos científicos e críticos) do que dispoñemos en relación cos procesos da formación.

A este respecto, Irina Bokova, na súa condición de Directora Xeral da UNESCO escribiu en 2015 na súa presentación do Informe da UNESCO *Rethinking Education. Toward a global common good?*:

«Non existe unha forza transformadora máis poderosa que a educación para promover os dereitos humanos e a dignidade, erradicar a pobreza e lograr a sostibilidade, construír un futuro mellor para todos, baseado na igualdade de dereitos e a xustiza social, o respecto da diversidade cultural, a solidariedade internacional e a responsabilidade compartida, aspiracións que constitúen aspectos fundamentais da nosa humanidade común»<sup>1</sup>.

Memoria e patrimonio que nos deben auxiliar para *reimaxinar a educación* das sociedades e das persoas —que é tanto como reimaxinar a contribución dos modos, espazos e tempos de educar e de formar—, e para proceder á súa transformación, tomando en consideración as certezas das que somos conscientes:

- A aprendizaxe, que o Informe Delors de 1996, delimitou arredor de catro principios (aprender: a coñecer, a facer, a ser, a vivir con outros) ten a capacidade de promover a emancipación, a autonomía, a capacidade creativa e crítica, e a capacidade colaborativa entre as persoas, os grupos sociais e as sociedades.
- A aprendizaxe é efectivamente máis lograda se significa a adquisición de coñecementos (unha suma de aspectos cogni-

<sup>1</sup> Este informe, publicado e traducido ao catalán como *Repensar l'educació: vers un bé comú mundial* (París: UNESCO) sitúase como antecedente doutros valiosos informes e documentos próximos no tempo; singularmente o titulado *Reimaginejunt els nostres futures: un nou contract social per a l'educació* (2021) y *Reimaginejunt l'educació* (2022).

Quines són les tres coses de la meva feina que em satisfan més?

**Formar part de l'escola.**

Olga. administració

tivos, emocionais e éticos) e de competencias [unhas fundamentais (instrumentais), outras transferíbeis e outras técnicas e profesionais], que facilitan a integración contra a exclusión, a adaptabilidade e a capacidade de innovación das persoas e das sociedades, contribuíndo así á resolución de problemas e ao desenvolvemento persoal e social

- Os procesos formativos realizados en común contribúen á construción da vida en común se toman en consideración aprendizaxes con sentido e significación, mediante estratexias de debate, posta en común, indagación e cooperación, se ademais son esixentes na formación ético—moral e ético—política, sobre a base da vivencia diaria e conxunta dos dereitos humanos (e dos dereitos da infancia), o que supón, inclusión, posta en común, contraste e respecto daquelas diferenzas que enriquecen o conxunto. Neste sentido, a educación vivida en común reforza unha premisa central da educación, como é a de «someter e ao tempo liberar».
- A educación ten a súa maior potencialidade se a comprendemos como un ben común, como o espazo de aprendizaxe, formativo, reflexivo e de elaboración da vida en común: a educación como proxecto público; en definitiva, como un proxecto político en termos democráticos de construción da cidadanía: crítica, participativa e cooperativa.
- A educación, así entendida e proxectada nas súas finalidades e obxectivos, tradúcese operativamente en escenarios espazo-temporais, organizativos e metodolóxicos, que acollen ás persoas, que posibilitan a maduración de condutas e a adquisición de valores humanos e que contribúen ao crecemento individual e ao social, de modo conxunto; escenarios e estratexias que demandan laboriosidade e corresponsabilidade por parte de todos os participantes, así como climas organizativos ordenados e «tempos longos»
- Así, entendida a educación, pode/debe contrarrestar/combater

Quines són les tres coses que més m'agraden de l'escola?

**Que si no entenem alguna cosa els professors ens ajuden fins que ens surt.**

Ayumi.elpetitmique1

a exclusión e a segregación escolar; o relativismo nos valores e a intolerancia dogmática; a competitividade, cando significa atropelo da dignidade e instrumentación tecnolóxica mercantilista; factores e pulsións que están presentes nas nosas sociedades occidentais e que aparecen a miúdo como resortes ideolóxicos incrustados nas mentalidades sociais, condicionando socioloxicamente de modo negativo os puntos de vista sobre a educación e a súa organización social; aparecen tamén con frecuencia entre as expectativas familiares insuficientemente meditadas; que poden condicionar igualmente de modo negativo a construción integradora e máis humana do futuro social.

### **Tarefas máis complexas para os e as educadoras**

Este debuxo sobre o desexábel horizonte vai demandar a existencia de educadores e educadoras comprometidos e responsabilizados con tarefas, que son máis complexas do que significaba a instrucción, entendida en termos de política escolar tradicional. En todo caso, verase reforzada, ademais, a súa condición profesional. Por outra parte, será cada vez máis necesaria a existencia de equipos pedagóxicos, isto é, de centros educativos con suficiente unidade e articulación orgánica, con enfoques pedagóxicos reimaxinados a fin de favorecer as aprendizaxes colaborativas interdisciplinares. Unha muda aberta, por outra parte, á existencia e cualificación de novos espazos de aprendizaxe e de formación configurados oportunamente en redes. Incluso con novas formas de validación de coñecementos e de competencias.

Durante as tres últimas décadas moito se ten escrito e investigado sobre a condición, requisitos, saberes, destrezas, e actitudes que deben estar presentes na acción educadora e docente. En apretada síntese: aberto, respetuoso, atento e comprometido co alumnado que forma, emocionalmente equilibrado e con actitude empática, éticamente responsable, con algúns saberes culturais específicos competentemente dominados, con destreza didáctica, con confianza e capacidade de motivación en relación co alumnado, reflexivo e con efectiva dispoñibilidade colaboradora na súa función.

Quines són les tres coses que espero de l'educació?

**Ensenyar-los el camí de construir una societat més justa.**

Esther. mare

Viña sendo esta a filosofía vital dun mestre de quen este ano se celebra en Italia o centenario do seu nacemento; falo de Mario Lodi, o autor de *Cipi* e de textos como *Comezar polo neno*, ou *O país errado*, aquel fermoso libro onde rexistra o día a día dos nenos da súa escola en Vho de Piádena, compondo un exercicio sen medo ante o futuro. Facémolo hoxe.

Quines són les tres coses que m'il·lusionen del meu futur?

**M'il·lusiona viure en una època de canvis,  
de no saber què passarà i poder fer front a  
aquestes incerteses.**

Xènia. estudiant

